


Espazos para a reflexión




© Turismo de Santiago. Debuxo de Isidoro González-Adalid Cabezas, decembro 2007.

21/31
MARZO
2013

SANTIAGO DE
COMPOSTELA
SEMANA SANTA

1. Praza do Obradoiro · 2. Praza da Quintana · 3. Praza de Praterías
4. Praza da Inmaculada · 5. Rúa de San Francisco · 6. Rúa do Franco
7. Rúa do Vilar · 8. Rúa Nova · 9. Rúa das Orfas · 10. Rúa da Caldeirería
11. Praza de Mazarelos · 12. Patio de Madres · 13. Rúa do Preguntoiro
14. Rúas das Ameas · 15. Praza de Cervantes · 16. Rúa da Acibecheira
17. Rúa da Troia · 18. Rúa da Algalia de Arriba · 19. Rúa das Casas Reais
20. Porta do Camiño · 21. Rúa de San Roque · 22. Rúa das Trompas
23. Avenida Xoán Carlos I




Colabora:



TURISMO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Agradecementos:

Arcebispo de Santiago de Compostela / Seminario Maior Compostelán / Orde Franciscana de Santiago / Museo do Pobo Galego / Universidade de Santiago

<p>1</p>  <p>Santa María do Camiño</p> <p>As orixes desta igrexa remóntanse ao século XV, mantendo esta estrutura até o século XVI. A mediados do XVIII e nas primeiras décadas do XIX é cando sofre unha profunda transformación. O retablo maior foi trazado polo entallador Manuel de Leis en 1758, encargándose das esculturas Benito Silveira. Destaca no seu interior o tímpano coa escena da Epifanía, que procede do templo medieval.</p> <p>Sede da Confraría da Humilidade. Procesión: Luns Santo, 21:30h.</p> <p>☉ 22-31 marzo: 11h-13:30h y 16h-19h ☾ 22 de marzo, 19:30h. Jiri Bárta violoncello.</p>	<p>2</p>  <p>Igrexa das Ánimas</p> <p>Levántase segundo os planos do arquitecto Miguel Ferro, sobre un terreo irregular, sendo o mestre de obras Juan López Freire. Templo cunha nave única, articulada en capelas laterais que orixinan un sistema de comunicación perimetral entre elas, onde se representa un programa iconográfico sobre a Vía Crucis, realizado polo escultor Manuel de Prado e Mariño, entre 1803 e 1814, que segue un discurso iconográfico ideado polo seu irmán o arquitecto Melchor de Prado e modelados en estuco veneciano.</p> <p>Sede da Confraría da Esperanza. Procesión: Domingo de Ramos, 18h.</p> <p>☉ 22-31 marzo: 11h-13:30h y 16h-19h ☾ 25 de marzo, 19:30h. Accademia del Piacere. 30 de marzo, 20h. Resonet.</p>	<p>3</p>  <p>San Bleito do Campo</p> <p>De orixe medieval reconstruíuse a finais do XVIII seguindo os planos de Melchor de Prado Mariño con planta de salón, unha soa nave con bóveda de canón, presbiterio con cuberta de canón e cuarto de esfera e capela maior, abrindo nos muros laterais outros altares. Destes destaca o que acubilla o tímpano gótico da Epifanía e o relevo da Visitación. A capela maior está decorada con cadros ao óleo e pinturas ao fresco do pintor académista Plácido Fernández Arousa, recentemente restauradas.</p> <p>☉ 22-31 marzo: 11h-13:30h y 16h-19h ☾ 27 de marzo, 22h. Grupo de cámara da Real Filharmonía: Trio de cordas.</p>	<p>4</p>  <p>San Fiz de Solovio</p> <p>Esta igrexa está estreitamente unida ao descubrimento do corpo do Apóstolo Santiago, pois, segundo a tradición, aquí atopábase orando o eremita Paio cando albiscou as luminarias que lle indicaban o lugar onde se atopaba o sepulcro apostólico. Reedificada polo bispo Sisnando, foi destruída por Almanzor no 997 pero reconstruída polo bispo Pedro de Mezonzo e por Xelmírez no 1122 seguindo a tipoloxía típica dunha construción románica dunha nave e tellume de madeira. Nos séculos XVII e XVIII engadíronse unha serie de pequenas capelas alterando a súa configuración orixinal quedando coas tres naves actuais. No tímpano da súa portada consérvase un fermoso relevo da Epifanía, de 1316.</p> <p>☉ Sábados, 16h ☾ 24th March, 21:30. Ars Atlántica.</p>
<p>5</p>  <p>San Frutuoso</p> <p>A construción da igrexa parroquial de San Frutuoso (ou Nosa Señora da Anxustia de Abaixo) é obra de Lucas Fariño Casaveiro realizada entre 1754 e 1765. Levántase sobre o solar que antes ocupaba a capela da Vera Cruz. O retablo maior construíuse cara a 1769 segundo as trazas de Luis Lorenzana, quen nos deixou nos capiteis das columnas a orde española, ideado por el. Os retablos laterais do cruceiro contráñense en 1783 a Francisco Lens.</p> <p>☉ 22-31 marzo: 11h-13:30h y 16h-19h ☾ 29 de marzo, 20h. Grupo de Cámara da Sinfónica de Galicia: Cuarteto Atlántico.</p>	<p>6</p>  <p>Colexiata de Santa María de Sar</p> <p>As orixes da súa fundación como mosteiro agostiño débense a Munio Afonso, estreito colaborador do arcebispo Xelmírez, cobido probablemente a un erro na construción e ao terreo pantanoso sobre o que se levanta, é un dos atractivos deste edificio románico; este feito resumiuno perfectamente o poeta Gerardo Diego cando escribiu: La colegiata do Sar / se tambalea de sueño. / Sueña que se va a acostar / y que el cielo es muy pequeño. No século XVIII reforzáse a edificación cuns enormes e macizos arbotantes, pois ameazaba con derrubarse. Do primitivo claustro románico tan só se conservan nove arcos no seu lado norte.</p> <p>☉ 22-31 marzo: 11h-13:30h y 16h-19h ☾ 27 de marzo, 20h. Eloquencia.</p>	<p>7</p>  <p>San Domingos de Bonaval</p> <p>Segundo a tradición, foi San Domingos de Guzmán quen fundou, a principios do século XII, este convento. En 1230 xa se consagra a igrexa que se amplía a finais do mesmo século, renovándose por completo a súa cabeceira. Entre os séculos XVI e XVIII realízanse novas obras na igrexa, cámbianse as cubertas de madeira por outras de pedra, ábrese capelas, levántanse retablos e constrúese o coro alto. Andrade traza as liñas do retablo maior, desmontado e trasladado a igrexa parroquial de Santiago, en Carril. Na nave do Evanxeo, atópase o Panteón de Galegos Ilustres, cos sepulcros de Rosalía de Castro, Alfredo Brañas, Domingo Fontán, Francisco Asorey, Ramón Cabanillas e, moi preto, Castelao.</p> <p>Entrada polo Museo do Pobo Galego. Sede da Confraría do Rosario. Procesión do Santo Entero: Venres Santo, 20h.</p> <p>☉ 22-31 marzo: Martes a sábado: 10:30h-14h y 16h-19:30h. Domingos e festivos: 11h-14h. Luns pechado. ☾ 26 de marzo, 20:30h. Zefiro Baroque Orchestra. 28 de marzo, 21h. Divna Ljubojevic e Coro Mélodí.</p>	<p>8</p>  <p>Santa María de Conxo</p> <p>A primitiva igrexa relaciónase co arcebispo Xelmírez, quen a consagra en 1129; desta obra consérvanse restos do claustro. No XVII iniciase a reedificación do convento e acometéuse as obras do claustro, que terminan en 1651. En 1669 realízanse as obras da igrexa atribuída a varios autores como Fernández Lechuga, frei Gabriel de Casas, Melchor de Velasco ou Diego de Romay. En 1729 iniciáanse as obras da nova capela do Cristo que acolle a imaxe do crucificado, obra de Gregorio Fernández. Esta capela e retablos son obra de Simón Rodríguez.</p> <p>Sede da Confraría do Santo Cristo da Paciencia. Procesión: Martes Santo, 21h. (saída do Convento das Mercedarias).</p> <p>☉ 22-31 marzo: 11h-13:30h y 16h-19h ☾ 24 de marzo, 19:30h. Real Filharmonía de Galicia. Maximino Zumalave director.</p>
<p>9</p>  <p>San Francisco</p> <p>A súa orixe relaciónase co santo de Asís cando peregrinou a Compostela cara ao ano 1213-14. A igrexa actual levantouse sobre os terreos da precedente, da que apenas quedaron vestixios. Cara a 1730 a igrexa ameaza ruína, polo que en 1740 decideuse unha nova construción máis ampla con planos de Simón Rodríguez, quen dirixe as obras até a súa morte en 1752, concluíndose en 1787. Presenta unha planta de cruz latina, con amplos presbiterio e sancristía. As capelas abertas a ambos os dous lados, ao estar comunicadas entre si, dan a sensación de naves laterais.</p> <p>Sede da Confraría da Vera Cruz. Procesión da Última Coa: Xoves Santo, 19h. Procesión de Xesús Resucitado: Domingo de Pascua, 11h</p> <p>Orde Franciscana Seglar. Procesión da Entrada en Xerusalén: Domingo de Ramos, 11h.</p> <p>☉ 22-31 marzo: 11h-13:30h e 16h-19h ☾ 23 de marzo, 21:30h. Los caminos de Serkeci.</p>	<p>10</p>  <p>San Martiño Pinario</p> <p>A igrexa foi trazada polo arquitecto portugués Mateo López a finais do século XVI. Esta magna obra e a do mosteiro foi continuada por un número considerable de mestres como Ginés Martínez, González de Araújo, Peña de Toro, Bartolomé Fernández Lechuga, Gabriel de Casas, Tomás Alonso ou Fernando de Casas. A Mateo López débese a formulación xeral da obra, o que lle leva a configurar o esquema na súa totalidade. A inmensa nave central está cuberta con bóveda de canón con falsos casetóns. Tamén hai que resaltar os magníficos retablos que posúe e a sillería do coro baixo. O retablo do altar maior (1730) e os dous do cruceiro son deseño de Fernando de Casas executándose o entallador Miguel de Romay.</p> <p>☉ 22-31 marzo: 11h-13:30h e 16h-18:30h (Entrada: 2.50 euros) ☾ 23 de marzo, 19:30h. Coro Novo e Nenos Cantores da Sinfónica de Galicia.</p>	<p>11</p>  <p>Santa María Salomé</p> <p>Fundada cara a 1140 con nave única e teito de madeira, da fábrica medieval apenas quedan restos, pois foi reformada no barroco ao engadirse unha serie de capelas. Na portada destacan as imaxes dunha Anunciación, con María á esquerda e o anxo á dereita e sobre a clave a Virxe do Leite. O interior é de planta cadrada con cúpula de media laranxa sobre pechinas. En 1743 levántase o campanario que segue as trazas do da igrexa de San Fiz. O pórtico de entrada é do século XVI.</p> <p>Sede da Confraría da Virxe da Soildade. Procesión da Virxe da Soildade: Venres Santo, 23h.</p> <p>☉ Horario de culto</p>	<p>12</p>  <p>San Miguel dos Agros</p> <p>A data da fundación desta igrexa descoñécese. Sábese que en época de Diego Xelmírez (1122) reconstruíuse. O interior é de tres naves con cuberta de bóveda de arista na central; as capelas da Dolorosa e o Nazareno cúbrense con bóveda de canón e a da Nosa Señora e San Xerome péchase con bóveda de crucería estrelada. O retablo maior é obra de 1786. A fachada da igrexa segue os canons das igrexas neoclásicas.</p> <p>Sede da Confraría de Noso Pai Xesús Nazareno e a Santísima Virxe das Dores. Procesión da Virxe das Dores: Venres 22 de marzo, 21h. Procesión do Encontro: Venres Santo, 11h (dende a praza da Quintana).</p> <p>☉ 22-31 marzo: 11h-13:30h e 16h-19h</p>
<p>13</p>  <p>Santo Agostiño</p> <p>Levántase sobre o solar que ocupaba a igrexa da Nosa Señora da Cerca. Na súa construción participan Francisco González Araújo, Bartolomé Fernández Lechuga e os Xacome Fernández, pai e fillo. Leva a cabo a construción segundo trazas de Lechuga no primeiro terzo do século XVII. O interior é de planta de cruz latina inscrita nun rectángulo dunha soa nave, con capelas laterais, cruceiro e cúpula que realiza Xacome Fernández fillo. Do conxunto escultórico da igrexa hai que sinalar a gran talla procesional de Xesús Flaxelado, vinculada á forma de traballar de Diego de Sande e peza fundamental nas procesións da Semana Santa compostelá.</p> <p>Sede da Confraría de Noso Pai Xesús Flaxelado. Procesión de Xesús Flaxelado: Xoves Santo, 23:30h.</p> <p>☉ 22-31 marzo: 9h-12:45h e 18:15h-19:45h</p>	<p>14</p>  <p>Igrexa do Convento de Santa Clara</p> <p>A orixe do convento de Santa Clara remóntase á segunda metade do século XIII, atribuíndose a súa fundación á rainha dona Violante de Castela, esposa de Afonso X o Sabio. Do primitivo edificio apenas quedan restos, xa que foi moi modificado entre os séculos XVII e XVIII. Os seus principais arquitectos foron Domingo de Andrade, frei Gabriel de Casas, Pedro de Arén e, sobre todo, Simón Rodríguez. O retablo maior foi labrado por Bugarián a principios do século XVIII, seguindo trazas de Andrade. A fachada principal –de gran plasticidade urbana– trazada por Simón Rodríguez, destaca pola súa orixinalidade, xa que non nos leva ao interior da igrexa, se non que dá paso a un patio onde si se atopa a entrada á igrexa propiamente dita.</p> <p>☉ 22-31 marzo: 11h-13:30h e 16h-19h</p>	<p>15</p>  <p>San Roque</p> <p>A orixe desta pequena capela está na promesa feita polo Cabildo e o Concello en 1520 como acción de grazas a San Roque por librar da peste á cidade. A igrexa remátase en 1576 e un ano máis tarde o arcebispo Francisco Branco funda o hospital, para "curar e procurar remedio aos pobres enfermos das bubas e outros males...". No interior da pequena igrexa podemos ver un gran retablo de Simón Rodríguez, quen entrega as trazas en 1742 executándose Romay. Este fermoso retablo está formado por unha banda central de tres corpos e dous laterais, lembra o retablo da igrexa da Compañía. Os dous corpos laterais avanzan cara ao espectador como querendo facernos partícipes da súa imaxinaria.</p> <p>☉ 22-31 marzo: 11h-13:30h e 16h-19h</p>	<p>16</p>  <p>Igrexa do Convento do Carme</p> <p>O convento foi fundado pola nai María Antonia de Xesús, coñecida como a monxiña do Penedo, a mediados do século XVIII e foi o primeiro que esta orde tivo en Galicia. Levántase sobre os terreos que pertenceron ao conde de Priego. O proxecto para a obra débese a Frei José de los Santos. O 23 de outubro de 1758 as Carmelitas trasladáanse dende a súa casa en San Roque a este novo edificio. O interior da igrexa, de arquitectura sinxela –que conxuga coas consignas desta orde como a austeridade e sobriedade– é de planta de cruz latina. Con todo esta sinxeleza construtiva non resta monumentalidade ao conxunto, acrecentada pola bóveda de canón reforzada por arcos faixóns e a cúpula cega de media laranxa no cruceiro. O retablo maior contrácese en 1800 e segue un deseño neoclásico no que se imita, por medio da policromía, mármoreos xaspeados e bronzes nos capiteis das catro columnas de orde composta.</p> <p>☉ 22-31 marzo: 11h-13:30h</p>
<p>17</p>  <p>Igrexa das Orfas</p> <p>As trazas encárganse ao arquitecto Melchor de Velasco cara a 1664, quen diseña un interior dunha soa nave, capela maior rectangular e cabeceira recta cunha sancristía a cada lado. A sobriedade é a nota principal do seu interior arquitectónico, alterada pola traza do seu retablo actual, obra que Francisco de Lens contrata en 1756 e no que traballará José Gambino, realizando as imaxes de San Xosé, San Francisco e a do Apóstolo Santiago. No lado da epístola, no muro do cruceiro atopamos o monumento fúnebre do cardeal Martín de Herrera obra do escultor Francisco Asorey.</p> <p>Sede de la Irmandade do Stmo Cristo da Misericordia. Procesión dos Estudantes: Mércores Santo, 23h.</p> <p>☉ 22-31 marzo: 9h-13:30h e 17:30h-19h</p>	<p>18</p>  <p>Capela da Nosa Señora do Portal Convento de Belvís</p> <p>Foron os dominicos de Bonaval os que suscitaron a súa fundación en 1306, como o primeiro convento feminino da súa orde en Galicia. O edificio sofre ampliacións durante o século XVII, como a capela da Virxe do Portal, dunha soa nave e cúpula sobre o camarín da Virxe. A capela levantouse grazas ás esmolas dos fieis, pola creza nas propiedades curativas dunha fonte que ali se localiza.</p> <p>☉ 22-31 marzo: 11h-13:30h e 16h-19h</p>	<p>19</p>  <p>San Palo de Antealtares</p> <p>A construción da igrexa iniciouse en 1700 no solar que ocupaba a anterior que foi derrubada. A obra encárgaselle ao arquitecto beneditino frei Gabriel de Casas proseguíndose Pedro García que a conclúe en 1707, seguindo as trazas de Casas. A planta é de cruz grega con dous brazos curtos no cruceiro; aos pés, o brazo é máis alongado para acoller o coro. Entre 1708 e 1714 procedése a executar os retablos da igrexa. Levántanse primeiro os retablos laterais e o maior en último lugar. Hai que destacar, que tanto o retablo relicario –trazado por Andrade– como o púlpito –obra de Diego de Romay– pertencían ao mobiliario da antiga igrexa.</p> <p>☉ 22-31 marzo: 11h-13:30h e 16h-19h</p>	<p>20</p>  <p>Igrexa da Universidade</p> <p>A igrexa da Compañía (Xesuítas) ou da Universidade levántase a mediados do século XVII sobre o solar que antes ocupaba a medieval de Santa María a Nova. Ten planta de cruz latina inscrita nun rectángulo, con tribuna sobre as capelas laterais, nave abovedada, cúpula gallandea e lanterna rematando o cruceiro. A importancia desta igrexa reside no seu interior, nos retablos que adornan o altar maior, o cruceiro e as naves laterais. O do altar maior foi contratado en 1727 con Miguel de Romay, Ignacio Romero e Diego de Sande e segue as trazas que deseñou Simón Rodríguez.</p> <p>☾ 22 de marzo, 22h. Jiri Bárta violoncello e Milan Svoboda piano 25 de marzo, 21:30h. Grupo instrumental Siglo XX 29 de marzo, 22h. Il Concordu d'Orosei 30 de marzo, 22h. Neopercusión</p>